

## COMPLEXO "O CORGO" - MUÍÑOS (OURENSE)

**DATOS XERAIS:** O complexo turístico-deportivo de O Corgo está situado en Mugeimes, Concello de Muíños (Ourense).

Este complexo está equipado cun comedor central, instalacións deportivas, zonas cubertas con pérgolas, para chuvia e sol. Ten praias fluviais con zonas verdes; duchas, campo de deportes con herba artificial; polideportivo cuberto, incluso con alumeado; vestiarios e canchas deportivas; zonas de camiños e sendeiros e aparatos biosaudables. Dispón de zonas de lecer, de salas de ocio e obradoiros temáticos así como zonas de audiovisual. Hai vixiantes nas zonas de baños. Para a práctica deportiva, conta con barcos e piraguas.

Os exteriores do albergue están adaptados parcialmente. O interior da instalación ten rampa de acceso, baño adaptado e habitación con cama.

### **ACCESOS:**

Por Ourense: A52 desvío dirección Celanova AG31 – Bande – Muíños OU-1201

Por Verín: A52 desvío Xinzo de Limia OU-301 ata Ponte Linares desvío dirección Muíños OU-302

**ENDEREZO:** Complexo turístico-deportivo O Corgo. Estrada do Poldrado s/n., 32880 Mugeimes (Ourense)

<b>QUENDA</b>	<b>ANOS NACEMEN TO</b>	<b>DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES</b>
17-24 agosto	11-12-13	<p style="text-align: center;"><b>ARQUEOLÓXICAS E MEGALÍTICAS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>ACTIVIDADES XERAIS:</b> coñecemento do megalitismo con actividades diarias na Aula Megalítica, excursións aos dolmens do Val de Salas, visita a Aquis Querquennis, aos miliarios para coñecemento da súa historia e funcionalidade; cultura popular: xogos tradicionais e populares, interacción cos veciños do concello, facer pan en forno tradicional; medioambientais: avistar aguias reais; e de aventura: Gladiator Race e Olimpíadas.</li> <li>• <b>OBXECTIVOS:</b> Fomentar unha participación activa, desenrolar formas solidarias de convivencia, concienciar o patrimonio natural e cultural, fomentar o apego e desfrute da natureza, a través de experiencias co megalitismo e a arqueoloxía.</li> </ul>
27 de agosto-3 de setembro	10-11-12	<p style="text-align: center;"><b>NATUREZA</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>ACTIVIDADES XERAIS:</b> rutas de sendeirismo, identificación de especies autóctonas do Parque do Xurés, visita ao Pobo de Salgueiro; deportivas: piragüismo, probas de resistencia e habilidade no circuito do Gladiator Race, actividades dirixidas con soporte musical, deportes acuáticos na piscina; animación e convivencia: xogos populares nos que interactuamos cos veciños do concello, dinámicas de grupo, festas de disfraces e veladas</li> <li>• <b>OBXECTIVOS:</b> Concienciar o patrimonio natural e fomentar o apego e goce da natureza, achegándose ao entorno máis natural e salvaxe; coñecer a contorna do lugar, con interacción coa veciñanza a través de xogos populares e dinámicas grupais; desfrutar do deporte, con actividades dinámicas e musicais.</li> </ul>

## NORMAS XERAIS:

1. As persoas participantes estarán atendidas permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.

2. **Ningunha persoa participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do/a director/a da actividade, e sempre acompañado por un adulto autorizado** (algunha das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras que figuren na solicitude). No caso de que ningunha destas persoas poida acudir, a persoa que efectúe a recollida deberá presentar o impreso de autorización que se facilitará o día da recepción, xunto cunha fotocopia do DNI de quen autoriza (persoa que asinou a solicitude de inscrición) e da persoa autorizada.

3. **Prégase non facer visitas de non ser necesario**, coa fin de non interferir no desenvolvemento das actividades e limitar ao mínimo imprescindible a entrada de persoas alleas á instalación. No caso de ter que facer visitas por calquera causa xustificada faranse sempre informando previamente coa maior das antelacións posibles á persoa directora da actividade, xa que é posible que non se podan atender no momento se non hai información previa (pódese, por exemplo, non estar na instalación nese intre).

4. **Horario de chamadas: na información de recepción o equipo directivo comunicará ás familias os días en que se poderá contactar cos/coas menores (cun mínimo de 3 días durante a quenda) e o horario para as chamadas.** Nese horario, os/as rapaces/zas disporán dos seus móbiles se os traen ou ben as familias poderán chamar ao menor nos teléfonos indicados na reunión de recepción. Tamén se permitirá as chamadas fora do horario sinalado por causa xustificada.

5. As persoas participantes deberán levar as **tarxetas sanitarias orixinais** (ou seguro médico, MUFACE ou similar, e o talonario de receitas).

O día da incorporación deberase comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos, en caso de tratamento específico, que estean a tomar; así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese.

Dado que hai moitas medicacións que unha persoa non sanitaria, por cuestións legais, non lle pode proporcionar a un menor (ibuprofeno, por exemplo), para o caso no que se autorice a proporcionarlle aos menores calquera medicamento para situación non previstas (picos febrís, por exemplo) fora da medicación que o menor precise de xeito cotiá precisarase unha autorización por escrito, coas pautas (dose e horarios) e asinada polos titores do menor. Esas autorizacións non eliminan a obrigatoriedade por parte do equipo técnico de informar a pais/nais/titores da situación do menor preferentemente (salvo casos debidamente xustificadas) de xeito previo á administración do medicamento.

6. Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro. Prevese a organización dun banco de cartos e móbiles onde os participantes poderán depositar os seus cartos e tamén os teléfonos (recoméndase poñer un adhesivo co seu nome tanto no teléfono coma no cargador e, no caso de ser necesario, unha lista cos números de teléfono e o PIN, se non se sabe de memoria). Os teléfonos entregaranse apagados.

7. Recoméndase levar a roupa marcada coas iniciais.

8. Nesta web, no apartado "Documentación para presentar (fase de adxudicación)" están dispoñibles os modelos de documentos: declaración sobre a autorización de imaxes (anexo IV), modelo de autorización para recollida do/a menor e outra información de interese. En canto ao cuestionario de saúde e autonomía persoal e declaración de saber nadar (anexo III), este formulario soamente pode ser cuberto en liña (sede electrónica, carpeta cidadá) accedendo ao seu expediente e elixindo a acción "Documentación complementaria para a adxudicación".

9. Non está permitido levar comida ao campamento, salvo en casos de necesidade, por motivos de saúde debidamente xustificadas e comunicados previamente.

### **INCORPORACIÓN E RECOLLIDA DAS PERSOAS PARTICIPANTES**

**13.00 horas** no Albergue Xuvenil de "O Corgo" – Muíños (Ourense).

**Para comunicar calquera incidencia en relación coa incorporación pode contactar co teléfono 988782964/659702346** durante os tres días anteriores á incorporación ao campamento.

- O día de **remate da quenda, a recollida das persoas participantes** deberá facerse entre as **12.00 e as 14.00 horas** na mesma instalación.

### **MATERIAL NECESARIO**

- Toallas de aseo e de praia
- Bolsa para a roupa sucia. Non se poderá lavar ningún tipo de prenda na instalación
- Cantimplora
- Chaleco reflector
- Traxes de baño
- Chanquetas
- Sombreiro ou gorra

### **MATERIAL RECOMENDABLE**

A maiores, é aconsellable levar:

- Útiles de aseo
- Crema protectora solar
- Sandalias pechadas con velcro
- Camisetas
- Pantalóns curtos ou bermudas
- Repelente para os mosquitos
- Vestimenta deportiva e de abrigo: chándal, pantalóns, suadoiro ou forro polar, chubasqueiro, etc
- Calzado deportivo que sirva en caso de choiva
- Mochila pequena de asa ancha para saídas
- Roupa interior suficiente para todos os días da quenda
- Lanterna
- Bolígrafo e caderno

**O horario básico da quenda será o seguinte:**

08.30 h.	Erguerse, aseo persoal, vestimenta axeitada e amaño de dormitorios
09.00 h.	Almorzo
09.30 h.	Actíva-T (desprazamento, de ser o caso)
10.00 h.	Actividades de mañá (con interrupción para un refrixerio)
13.50 h.	Remate das actividades de mañá, recollida e desinfección do material e aseo
14.10 h.	Xantar
15.00 h.	Aseo
15.10 h.	Tempo libre xestionado e preparación actividades da tarde (desprazamento, de ser o caso)
16.00 h.	Actividades de tarde (con interrupción para merendar)
19.50 h.	Remate das actividades de tarde, recollida e desinfección do material
20.10 h.	Ducha, tempo libre xestionado
21.00 h.	Cea
21.30 h.	Tempo libre xestionado
22.00 h.	Escoita activa
23.20 h.	Velada
23.30 h.	Deitarse